

VIRXE DO CARMEN

BUEU 2019



Os días 13, 14, 15, 16 e 17 de Xullo

SAÚDA

DARIO CAMPOS LOIRA

Presidente da Comisión de Festas
"Virxe do Carme 2019"

A tódol@s veciñ@s para convidalos a participar nas festas e como non agradecerlle a súa colaboración e axuda para que, a celebración, destas festas sexa posible.

Aos membros da Comisión de Festas, que teño a honra de presidir, os cales, tan xenerosamente, ofrecen horas do seu tempo libre para votar unha man en todo aquilo que leva aparelado unhas festas.

E para rematar neste intre quero darlle unha agarimosa aperta a todas aquelas persoas que visitan ou pasan as súas vacacións nesta fermosa vila e animalos a participar destes actos festivos con tanto raigame e fervpr entre as xentes do mar.

Sen máis unha aperta e saúde para tod@s.



SAÚDA D. FÉLIX JUNCAL NOVAS



Un ano máis celebramos a Festa do Carme, na que Bueu mostra o orgullo de ser un pobo mariñeiro, cunha tradición moi arraigada no mar e cun forte arraigo na nosa idiosincrasia.

Nestes tempos nos que impera a velocidade, é necesario que desde a institucións políticas defendamos as nosas orixes, que poñamos en valor de onde vimos para saber cara onde camiñamos. E é que no medio deste mundo cada vez máis globalizado, resulta case un reto potenciar eventos que pulen pola nosa historia, cultura e tradición.

Esta festa demostra que temos unha grande tarefa por diante, a de transmitir á nosa rapazada a querenza polas costumes propias, sobre todo nun tempo no que o efémero ameaza o permanente.

Vaia por diante o meu máis sincero agradecemento e recoñecemento á labor de cada unha das persoas que compoñen a Asociación Bueu en Festas, polo esforzo levado a cabo para que ano tras ano esta festa se manteña. E tamén quería aproveitar para convidar a toda a veciñanza e visitantes a que se animen a gozar da simbiose perfecta entre tradición e modernidade. Este evento supón unha celebración, un momento para compartir a vida cos nosos seres queridos e un motivo para seguir reivindicando as nosas orixes.

Félix Juncal Novas
Alcalde de Bueu

SAÚDA

JOSÉ MANUEL ROSAS OTERO

Patrón Maior da Cofradía de Pescadores
"San Martiño de Bueu"

En primeiro lugar a Comisión de festas e o seu presidente pola labor tan grande que realizan que fai posible que estas festas sexan unha realidade e creo merecen un cumprido e afectuoso recoñecemento.

Tamén a todol@s veciños, visitantes, persoas que teñen a nosa vila como lugar de veraneo que dan color e calor a estas festas.

Por último ós meus compañeiros a nosa xente do mar que manteñen vivo a ilusión por celebrar, en honra a nosa patroa... aquela a que todos os homes do mar nos encomendamos e recorreremos en máis dunha ocasión.

En fin, sintamos, vivamos e divirtámonos nesta festa do Carmen 2019. Para o cal o Patrón Maior dalle unha aperta a tod@s, e que a nosa Patroa nos traía saúde.

A TOSCANA

Bar - Bocatería

986 324 548

Castelao, 9 (Antiguo Alba)
36930 BUEU - Pontevedra

SAÚDA

JOSECHO

“O voso párroco”

Con motivo destas festas tan importantes para o noso pobo, dende este medio qero saudar a tódolos veciños e os que estades no noso pobo para descansar e desfrutar do verán, dunha maneira especial ás xentes do mar que celebrades a vosa Patroa.

Desexarvos a todos unhas boas festas na honra da Nosa Señora do Carme.

Que sexan uns días de ledicia, de fraternidade, de reencontros familiares e de revivi-las nosas tradicións relixiosas e culturais.

Tradición é aquilo que un pobo ano tras ano repite porque se sente reflexado niso que o fai sentir diferente, que o reconforta e o identifica.

Non quería termionar estas letyras sen ter un recordo para tódalas persoas que deixaron a súa vida no mar.

Tamén, o meu profundo agradecemento a tódolos que dunha maneira desinteresada facedes posible estas festas do Carmen.

Que María, Estrela dos Mares estenda a súa protección maternal á xente do mare e guíe nos perigos ata porto seguro.



NOSA SEÑORA DO CARME



A Virxe do Carme ou Nosa Señora do Carme é a denominación común que se lle dá en España e nalgúns outros países a Santa María do Monte Carmelo, unha das diversas advocacións á Virxe María no santoral católico. Esta virxe dá nome a todas as Carme, Carmela ou Carmelo e a súa festividade celébrase cada 16 de xullo.

O seu nome procede do denominado Monte Carmelo, en Palestina. A etimoloxía (ar. Karmel) fai referencia a un xardín -así considerado no seu tempo este monte- onde se fundou unha ermida para a adoración da Virxe.

No século XIII, os eremitas que habitaban neste monte foron expatriados a Europa e formaron novas comunidades cristiás, fundando a orde dos Carmelitas. Por tal motivo, na maioría das imaxes -especialmente as mais antigas- a virxe aparece vestida co hábito carmelita. Ademais, porta nas mans ou no pescozo un escapulario -exvoto de devoción moi estendido no catolicismo-, como orixinarmente levaban estes monxes.

Desde as representacións máis temperás, esta imaxe leva o neno no colo por ser a nai de Deus.

Nun principio, o neno estaba aguantado só cunha das mans da nai e coa outra sinalaba o camiño a seguir para a salvación. Esta foi a orixe de que se recoñeza como Stella Maris ("estrela que guía" ou "estrela dos mares"), pois pasouse a considerar que indicaba o camiño que se debía seguir nas difíciles augas do mar cara a porto seguro e, como non, tamén da vida. Polo que en moitos países de tradición católica o Carme é a patroa da xente do mar. En España, ademais, é a patroa da Armada Española.

Posteriormente, a iconografía da imaxe foi variando, atendendo aos coñecementos e gustos do escultor, o emprazamento da obra (para unha parroquia de vila mariñeira ou do interior) e a preferencia do párroco ou da confraría que a encargase.

No caso da igrexa de San Martiño de Bueu, tanto no desaparecido templo románico coma no actual neoclásico, as imaxes desta advocación das que se ten constancia gráfica posuían a iconografía xa mencionada. Na talla actual, que data de 1940, a iconografía fai referencia á vertente mariñeira e á avogacía que a Virxe do Carme representa para unha vila que vive maioritariamente do mar, como é a nosa.

A VIRXE DO CARME NA PARROQUIA SAN MARTIÑO DE BUEU

No libro de fábrica I da Parroquia de San Martiño de Bueu aparece nomeada por vez primeira unha capela con advocación á Nosa Señora do Carme co gallo da visita realizada o 8 de xuño de 1745 por D. Thoribio Campillo, tesoureiro de Santiago, e sendo cura desta igrexa D. Cayetano Barcenilla. No referente á celebración das misas

senaladas nas diferentes capelas da Parroquial, quedou testemuñado o seguinte: *"...Asimesmo zertificó Dn. Gregorio Derribas Cappn de la Cappnía de Nuestra Sra. del Carmen inclusa en la Hermita de Santa Cruz haver zelebrado las siguientes misas que tiene a su cargo."*

Dous anos máis tarde, na visita realizada o 18 de xullo de 1747 polo Itmo. Sr. D. Cayetano Gil Taboada, arcebispo de Santiago de Compostela, menciónase na descrición do estado xeral do templo parroquial e capelas desta freguesía a ubicación desta, como podemos ler a continuación:

"Fundó una capilla colativa D. JOSEPH DE LA RÚA en el colateral de la Capilla de la Hermita de Santa Cruz con quatro misas en días señalados, cuya adscripción de fundación pasó en año de setenta y seis (1676) ante Antonio Rez. de Jesto escribano, y de ella es Capellán Dn. Gregorio de Rivas, quien certificó de su cumplimiento".

Na visita do arcebispo D. Bartolomé Rajoy Lossada en 1757, faise constar de novo que esta capela se atopa no lateral da ermida da Santa Cruz e que continúa D. Gregorio de Rivas como capelán. Posteriormente, en 1791 relevouno D. Benito Piñeiro.

No que se refire á Nosa Sra. do Carme na igrexa parroquial de Bueu, existe constancia dunha confraría propia que aparece mencionada no "libro de la Cofradía del Carmen de la Parroquial Iglesia de San Martín de Bueu", que se creou no ano 1746 e no que fai mención a outro anterior xa perdido. O suceso aconteceu unha vez que os fregueses tiveran que escapar coas pertenzas de valor desta igrexa cara ao monte debido ao ataque de dous barcos ingleses na enseada. Asemade, recóllese que esta confraría *"ay más de ochenta años está fundada la dha. Cofradía de Nuestra Sra. del Carmen, con todas las aprobaciones necesarias para su validación y permanencia..."*

Polo tanto entendemos que, aproximadamente arredor do ano 1670, se creou na igrexa parroquial de Bueu a confraría do Carme e que debería estar formada con devoción a unha imaxe desta virxe. Estaríamos, moi probabelmente, ante a primeira Virxe do Carme de Bueu, pois a capela da Santa Cruz non se construíu ata o ano 1671, al e como se pode ler no arco de entrada do recinto da capela –accedendo desde a Ramorta de Arriba.

Non se volve ter referencia da Virxe do Carme na igrexa parroquial ata o ano 1858, no libro de fábrica III, que aparece enunciada anecdoticamente nas contas da parroquia verbo da caída das rendas da igrexa. O cura indica que se debía intentar restablecer a confraría da Nosa Señora do Carme -desaparecida en 1836- coa fin de contribuír ao seu culto, pois supuña uns ingresos de 457 reais e 7 marabedís, ademais das esmolos e un ferrado e medio de trigo por renda anual.

O interese desta reactivación provén do estado de deterioro da igrexa románica e coincidindo coa proximidade da tramitación do expediente para a construción do novo

templo, e inda que non sabemos durante cantos anos estivo inactiva a Confraría do Carme, ate esa época non parecía importarlle moito á igrexa, pero co fornecemento da actividade mariñeira, incentivada coa instalación masiva de cataláns na nosa ribeira cos seus almacéns de salga, debeulles parecer un bo atractivo para achegar mais ingresos as súas arcas, a través desta Confraría.

Tamén existe constancia de que na noite do día 7 para o 8 de decembro de 1886 –é dicir, co novo templo xa construído–, entraron a roubar por un burato de grandes dimensións realizado na porta lateral dereita –actualmente tapiada con pedra. Neste asalto, foron subtraídas pezas de gran valor como relicarios (un copón de prata, cruces, lámpadas, coroas e aureolas) e teas de estandartes. Chama a nosa atención, en particular, unha das dúas coroas de prata roubadas, pois pertencía á Virxe do Carme.

Na misa do día seguinte, dedicada á Inmaculada Concepción, deuse a coñecer este suceso á veciñanza. Desde ese momento, produciuse unha avalancha de doazóns que facilitaron a reposición da maioría das pezas. En canto ao Carme, entregaron 1000 reais coa fin de que se construíse unha nova talla, encargada en Barcelona á empresa Verga y Compañía polo párroco D. Cándido Alvarellos.

En 1890, aparece citada a reconstrución de dous altares na entrada principal da igrexa para os cales se empregaron pezas do vello altar maior. Un destes altares – concretamente o do norte– proxéctase con advocación á Nosa Señora do Carme. As obras deron comezo o 20 de xullo dese ano e rematando o 20 de setembro, bendicidas polo arcebispo D. José Martín de Herrera. Os gastos derivados deste altar ascenderon a 11024 reais, dos que os veciños emigrados na Arxentina achegaron 3500.

Non temos constancia de que nesta segunda metade do século XIX se levasen a cabo procesións nin festexos relacionados coa Virxe do Carme en Bueu, así como tampouco nas parroquias veciñas de Beluso e Cela. Pola contra, xa a principios do século XX comezan a aparecer na prensa escrita noticias de vistosos programas de festexos. Estes complementáanse con material gráfico onde se observan procesións multitudinarias. É o caso do ano 1918, cando se celebraron

conxuntamente a Festa dos Mozos, na honra da Virxe das Dores, e a conmemoración da Virxe do Carme, segundo testemuña de José María Estévez na obra *Recoñecer Bueu*. Para este festexo contratáronse as mellores bandas de música e grupos de gaitas, así como unha tirada de fogos durante toda a festa, xogos e regatas de embarcacións.

Xa en 1930, *El Pueblo Gallego* e o *Faro de Vigo* deixan constancia de seren estas as festas máis importantes ata o momento, así como as que mellor acollida tiñan en toda a comarca. Unha vez máis, continuaron a se celebrar xunto coas dos mozos (na honra da Virxe das Dores, coma hoxe en día). Para esta ocasión, asistiron varias bandas militares, bandas de gaitas, un hidroavión que sobrevoou a vila no percorrido da procesión, contratáronse fogos de artificio, realizáronse numerosas actividades culturais e deportivas e, como non, os bailes de final de festa. Como era habitual, a virxe pasaba a noite na Capela Vella da Praia previa á misa do seu día.

Nesa época era cuantiosa a afluencia da veciñanza que adoitaba acompañar as procesións, que se vían ao longo de todo o percorrido. Sempre ían amenizadas con varias bandas militares e gaiteiros. Ademais, a procesión da Virxe do Carme ía sempre acompañada da comitiva relixiosa de mariños que estaban a realizar o servizo militar -a maioría veciños de Bueu-, que vestían o seu uniforme branco do verán.

A situación de guerra a partir de 1936 levou ao decaemento da celebración relixiosa coa vistosidade deses anos. Así e todo, unha vez rematada a Guerra Civil, volveuse ás celebracións só no aspecto relixioso e procesional, dado o que estaba a acontecer e a escaseza económica da época.

A talla que ata o momento se sacaba en procesión atopábase en bastante mal estado, polo que a Confraría de Pescadores de San Martiño de Bueu se fixo cargo da contía económica que supuxo a construción dunha nova. Esta imaxe realizouna o mestre escultor de Santiago de Compostela Jesús Rivas Varela, no ano 1940.

Esta talla non é só unha imaxe da Virxe do Carme, senón que deberíamos falar dun grupo escultórico, xa que está composta pola divindade – levitando sobre o mar embravecido– cunha embarcación naufragada e dous mariñeiros solicitando a súa intercesión na salvación. A aparatosidade desta peza precisou da construción dunha anda á medida, de peso considerable, e que, sumada ao peso da propia imaxe, obrigaba a que o traslado en procesión ata o porto se tivese que facer cun gran número de portadores, tal e como foi durante varios anos.

Posteriormente, acordouse proceder á construción dun carro para o seu traslado en procesión. Eran os propios veciños –mariñeiros e/ou patróns de embarcacións locais– quen o arrastraban ao longo do percorrido de ida desde a igrexa, pasando pola rúa Montero Ríos até a Capela Vella. Alí daba a volta e volvía de novo á igrexa parroquial.

Por mor da dificultade que supuña trasladar esta imaxe á man -pese á axuda do carro- ao longo das rúas costentas, as empresas conserveiras cederon os seus pequenos tractores articulados para enganchalos ao carro e facilitar o percorrido con

maior seguridade e sen esforzo para os romeiros. Os propios operarios destas empresas ofrecíanse voluntarios para manexar o tractor que realizase este labor. Nesta época xa se facía o percorrido completo de ida e volta no mesmo día.

Mentres a procesión percorría a rúa Montero Ríos, que se estende ao longo de toda a zona de costa deste porto, as embarcacións acompañaban o séquito dende o mar. Ían engalanadas con bandeiras e pólas das distintas árbores que nese tempo estaban en flor.

Nos últimos decenios do século XX podíanse ver rapaces que realizaran a Primeira Comunión ese mesmo ano acompañando a procesión. Ou ían en grupos intercalados no centro da comitiva ou agarrando os cordóns dos pendóns que acompañaban as imaxes.

Cada vez que se sacaba unha imaxe en procesión, adoitaban ir os pendóns de todas as confrarías relixiosas que no seu momento existiron na igrexa parroquial. Os pendóns estaban reservados para persoas relacionadas con cada unha das confrarías e resultaba unha grande honra podelos levar.

Non foi até as últimas décadas do século XX cando comezaron as procesións marítimas neste concello. O traslado da virxe realizábase a bordo dunha embarcación seguida de preto polos demais barcos do porto. O percorrido, de trazado triangular, ía primeiro ás bateas da zona de Portomaior, despois ás da Praia de Beluso e regresaba de novo ao porto. Era nese momento cando se facían soar as sirenas dos barcos que acompañaban a procesión e que adoitan ir engalanados.

No século XXI, comezouse a celebrar a misa do Carme na lonxa nova. A procesión sae despois de que remate a misa maior na igrexa parroquial e a imaxe queda custodiada na lonxa até a tarde. Despois de que a veciñanza remate a comida con familiares e achegados, celébrase unha misa a media tarde. Ao remate da mesma, procédese á procesión marítima, seguindo o percorrido antes citado. Unha vez finalizada, lévase a imaxe de volta á igrexa parroquial.



PROGRAMACIÓN

FESTAS DO CARME E DOS DORES BUEU 2019

Os días 13, 14, 15, 16 e 17 de Xullo

SÁBADO

13

Xullo

- Ás 12:00 h. Tirada de Bombas anunciando o comezo dos festexos.

- Ás 20:30 h. Concerto de corais no Centro Social do Mar:

CORAL de VILAXOÁN - CORAL de ARBO - CORAL POLIFÓNICA de BUEU

- Pola noite Gran Verbena amenizada pola Orquestra:

LA DIMENSIÓN

DOMINGO

14

Xullo

- Ás 10:00 h. Pasarrúas a cargo da **FANFARRIA FURRUXA.**

- Pola noite Gran Verbena amenizada pola orquestra:

TELEVISIÓN

LUNS

15

Xullo

- Pola noite Gran Verbena amenizada polas orquestras:

TREBOL e CAPITOL

MARTES

16

Xullo

- Ás 10:30 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA de MÚSICA de BUEU** e a **BANDA de TAMBORES de CANGAS**.

- Ás 12:00 h. Misa Maior cantada pola **CORAL ACORDES**, seguida de Procesión ata a Lonxa.

- Ás 18:00 h. Misa cantada pola **CORAL MARUSIA**. Ao finalizar haberá un Baile na honra a Virxe do Carmen co **GRUPO RETROUSO**, seguido da Procesión Marítima cunha Gran Tirada de Fogos e regreso a igrexa.

- Pola noite Gran Verbena coa orquestra:

GRAN PARADA

- Ás 24:00 h. Gran Tirada de Fogos Artificiais.

MÉRCORES

17

Xullo

- Ás 10:00 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA de MÚSICA MUNICIPAL de REDONDELA**.

- Ás 11:30 h. Baile no eirado da Igrexa con **RECORDOS da NOSA TERRA**.

- Ás 12:00 h. Misa Maior na honra a Virxe dos Dolores, cantada pola **CORAL ACORDES**, seguida de

la tradicional Procesión.

- Pola noite Gran Verbena Fin de Festas coa gran orquestra:

PONTEVEDRA

